

Seguindo o camiño do Apalpador....

Roteiro polo Courel

Do Castro de Brío ao Pico do Coto



10 quilómetros de dificultade media
Colabora SOS Courel

O roteiro discorrerá polas terras onde naceu o Apalpador, concretamente, en Romeor do Courel, segundo a lenda. Esta personaxe do Natal descende desde os picos do Courel ata as fonduras da Serra por un camiño de deusas e deuses, castrexos e mouros, que será o camiño que nós percorrерemos. Comezará en Savane (Seoane) e rematará na aldea de Ferreirós de Abaixo, no bar O Pontón, onde celebraremos o magosto. O treito máis difícil, de 3 quilómetros de longo, estará entre o paso do río Pequeno (km 2) e o Castro de Brío (km 4), que salva unha diferenza de altitude de 300 metros. Aínda así, subiremos moi a modíño e axudándonos. Logo do castro, o roteiro é todo cara abaixo até as inmediacións de Ferreirós. Será de 10 quilómetros, de dificultade media, é dicir, para xente algo habituada a andar.

DOMINGO, 11 de NOVEMBRO de 2012

Xeral.....	15 €
Estudantes, xubilad@s e no paro.....	12 €
Soci@s.....	10 €
Ata 17 anos.....	5 €

O autobús sairá de diante da Facultade de Formación do Profesorado ás 9.00 h.

Imprescindible anotarse chamando ao **679113718** ou ao **982240299**.

Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s



PRÓXIMOS ROTEIROS DE ADEGA LUGO

16 Decembro: Guitiriz (Porta do alén)	28 Abril: Ancares (O Cebreiro)
20 Xaneiro: Compostela (Pico Sacro)	26 Maio: Xove (Pena do Fraire)
17 Febreiro: O Incio (Trab d'ouro)	23 Xuño: Allariz (Stª Mariña de Augas Santas)
17 Marzo: Ribeira Sacra (Augas Mestas)	
+info: www.adega.info ou roteirosadegalugo.blogaliza.org	

Seguindo o camiño do Apalpador...

Roteiro de 10 quilómetros, de dificultade media para a xente habituada a andar. Comeza en Savane (Seoane) e remata na aldea de Ferreirós de Abaixo, no bar O Pontón, onde celebraremos o magosto. O treito máis difícil, de 3 quilómetros de longo, estará entre o paso do río Pequeno (km 2) e o Castro de Brío (km 4); que salva unha diferenza de altitude de 300 metros. Aínda así, subiremos moi a modiño e axudándonos entre todas e todos. Logo do castro, o roteiro é todo cara abaixo até as inmediacións de Ferreirós.

O roteiro discorrerá polas terras onde naceu o Apalpador, concretamente, en Romeor do Courel, segundo a lenda. Esta personaxe do Natal descende desde os picos do Courel ata as fonduras da Serra por un camiño de deusas e deuses, castrexos e mouros. Será o camiño que nós percorrерemos. Dende o Castro de Brío, poderemos ollar toda a Serra, Formigueiros, Piapaxaro, Rogueira, Cido. Logo pasaremos polo labirinto kárstico do Val das Mouras, que se formou polo afundimento dunha cova xigantesca, hai centos de milleiros de anos. Remataremos facendo un fermoso percorrido de 4 quilómetros pola beira do Lor, no máis fondo do seu impresionante canón.

DIVINDADES

O Castro de Brío, de 1053 m de altitude, posiblemente estivo dedicado á deusa Brita ou *Brigit*, divindade celeste relacionada coa soberanía.

O Pico de Coto, 1055 m, sobre Ferreirós de Abaixo, é posible que estivese dedicado ao deus Coro ou *Cotto*, que era o deus das alturas e do inframundo, do celeste e o soterrado á mesma vez. Tamén era o deus do vento que viña do país da morte, do ocaso, por iso foi asimilado con *Caurus* o fillo de *Eolo*, que gobernaba o vento do noroeste. Seguro que Courel ten a orixe etimolóxica no nome desta divindade primitiva.

O APALPADOR

Personaxe mítico morador das terras altas do oriente galego. Trátase dun xigante, de oficio carboeiro, que no 31 de decembro baixa dos altos cumes ata as aldeas. Unha vez que os meniños e meniñas están durmidas apálpalles as barrigas para comprobar se están ben fartos, desexándolles que todo o ano gocen de abundancia. Antes de partir dos fogares cara á montaña deixa ao pé de cada leito unha presíña de castañas e, ás veces, tamén algún outro agasallo.

Son moitas as persoas de todas as idades que testemuñan a ilusión coa que agardan os cativiños a chegada do Apalpador; porén, cómpre potenciar esta figura do noso patrimonio cultural antes de que fique esquecida pola incorporación de personaxes foráneas, cargadas de intereses comerciais. A conservación deste tipo de elementos etnográficos debe ir necesariamente acompañada da conservación do espazo físico no que se asentán.

Coplas do Apalpador:

*Hoxe é día do Nadal,
día do Noso Señor
ide logo para a camiña
que vai vir o
Apalpador.*

.....

*Hoxe é día do Nadal,
vai neniño para a
camiña*



*que vai vir o Apalpador
a apalparche a barriguiña.*

.....

*Hoxe é día do Nadal,
que haberá gran nevarada,
e há vir o Apalpador
cunha mega de castañas.*

**Cántiga recollida nas
terras do Courel.*